

1. Circuito (pegado á VG-20 a altura do río Lagares)
2. Punto de acceso o circuito (secretaría, C. chamadas)
3. Saída 4 da VG-20 (o circuito está a 100 m.)
4. Zona de amplo aparcamento (a 200 m. do circuito)
5. Campo fútbol "A Xunqueira" U.D.Comesaña

Para os que veñen fora de Vigo, acceder po la circunvalación VG-20 e tomar a saída 4
 Coordenadas GPS: Long. 8,7655 W, Lat. 42,2020 N
 Dirección no navegador: Avd. de Ricardo Mella, 101-105
 Loc. Google Eart, no cadro buscar por: 42,2025 -8,7666



Localización do circuito

www.autoescuelasfaro.com

AUTOESCUELAS FARO

13 CENTROS
 Vigo (5), Coruxo, Canido, Nigrán, Panxón, Porriño, Chapela, Arbo y A Canizá. ¡¡Metrícuíate en uno y utilízalos todos !!
TEST EXAMEN POR ORDENADOR.
 Actualizados todas las semanas.
TODOS LOS PERMISOS
 25 turismos, 6 motos...
CAP Camión y Autobús
MERCANCÍAS PELIGROSAS
ENSEÑANZA A DISCAPACITADOS Y SORDOS
CURSOS:
 - Condución segura
 - Condución económica
 - Subvencionados
 - Carretileros

Encontrámonos en Facebook

CASOGA, S.L.
 CALDERERÍA Y SOLDADURA DE GALICIA

Uruguay, 2 - 1º. ofic. 1 - 36201 - Vigo. Telef. 986 435099 - Fax 986 435083

RODOVIGO, S.L.

RENAULT
 CARRANZAS AUTOMÓVILES

Camino Garamuro, 11
 San Andrés de Comesaña 36213 Vigo
 Tlf. 986 21 25 20 - Fax: 986 21 26 07
 e-mail: rodovigo@red.renault.es

33º Memorial Belarmino Alonso de Campo a través

Domingo, 27 de novembro do 2011.
 En Vigo, o lado do campo de fútbol "A Xunqueira" - Molinos / S. Andrés de Comesaña

Proba do calendario da FGA

HORARIO DAS PROBAS	
10:30	Xuvenil e Júnior Masculina
10:53	Xuvenil e Júnior Feminina
11:15	Promesa e Sénior Masculina
12:02	Promesa e Sénior Feminina
12:32	Cadete Masculina
12:52	Cadete Feminina
13:05	Infantil Masculina
13:16	Infantil Feminina
13:23	Alevín Masculina
13:30	Alevín Feminina

Organiza:

Patrocina:

CONCELLERÍA DE DEPORTES

ALCALDÍA VIGO

Inscripción → Fax: 986 235 16 – Email: comesana@comesana.org - http://comesana.org/inscripcion.html
Prazo de inscripción: Por Fax ata o 22 de novembro, por Internet ata o 25 de novembro (ver regulamento).
Máis información → Comesaña Sporting Club Pedreira, 21, 36213 Vigo

Iniciada en 1978, é a competición de Campo a Través máis antiga de Galicia (sen contar o Campionato galego). Nela réndese homenaxe a Belarmino Alonso, directivo do club falecido no ano 1.977. Nesta 33ª edición continuamos aumentando o empeño para lograr dos estamentos oficiais o recoñecemento necesario para facer un esforzo económico que motive á elite do atletismo galego a participar, para que Galicia teña a proba de Campo a Través que por tradición lle corresponde

Duchas e vestiarios

Cada 20 minutos, haberá servizo gratuito de autobuses de ida e volta, dende o circuito ata os vestiarios con duchas das pistas de Balaidos.

Circuíto completo
1.900 metros



Regulamento

1. O Comesaña Sporting Club, coa autorización da Federación Galega de Atletismo, organiza en Vigo o próximo día 27 de Novembro, o 33º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través en San Andrés de Comesaña, "Molinos" á beira do campo de fútbol "A Xunqueira". O control e dirección das carreiras estará a cargo do Comité de Xuices da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo.

2. O horario de saída das carreiras é o seguinte:

Hora	Categoría	Ano nacemento	Distan.	Percorrido	cir. = circuito
10:30	Xuvenil e Júnior Masculina	1.996/95 e 1.994/93	4440 m.	1 cir. nº3 + 1 cir nº2 + 1 completo	
10:53	Xuvenil e Júnior Feminina	1.996/95 e 1.994/93	3380 m.	1 cir. nº2 + 1 circuito completo	
11:15	Promesa e Sénior Masculina	1.992/91/90 e 89 ou antes	9500 m.	5 voltas o circuito completo	
12:02	Promesa e Sénior Feminina	1.992/91/90 e 89 ou antes	5700 m.	3 voltas o circuito completo	
12:32	Cadete Masculina	1.997 e 1.998	3380 m.	1 cir. nº2 + 1 circuito completo	
12:52	Cadete Feminina	1.997 e 1.998	1905 m.	1 circuito. nº4 + 1 circuito nº3	
13:05	Infantil Masculina	1.999 e 2.000	1905 m.	1 circuito. nº4 + 1 circuito nº3	
13:16	Infantil Feminina	1.999 e 2.000	1060 m.	1 volta o circuito nº3	
13:23	Alevín Masculina	2.001 e 2.002	1060 m.	1 volta o circuito nº3	
13:30	Alevín Feminina	2.001 e 2.002	845 m.	1 volta o circuito nº4	

3. As inscricións deberán efectuarse por un dos seguintes métodos:

- Por escrito, ben por correo ordinario a Comesaña Sporting Club, Pedreira, 21, 36213 Vigo; ou por Fax o número 986 235169, **o prazo para estas dúas maneiras remata o día 22 de novembro.**
- Por Internet, ben cubrindo o formulario no enderezo <http://comesana.org/inscripcion.html>, ou enviando un correo electrónico cos datos a comesana@comesana.org. **O prazo a través de Internet remata o 25 de novembro ás 20:00 h.**

Todas as inscricións farán constar: Nome do club, (se non e independente) e teléfono de contacto, agrupadas por categorías. Para cada atleta, nome e apelidos, ano de nacemento e número de licenza federativa.

4. Todos os atletas participantes deberán ter dilixenciadas as súas licenza para a tempada 2011/2012. Os atletas estranxeiros terán limitada a súa participación a ter dilixenciada a súa licenza federativa pola FGA, **excepto os portugueses**, que poderán participar **sempre que non foran internacionais nos últimos 5 anos en Campo a Través, fondo ou meio-fondo.**

5. En todas as carreiras haberá unha clasificación por clubs, establecéndose esta coa suma dos postos ocupados polos catro primeiros atletas dun mesmo club **en cada carreira** (postos reais, sen eliminar os atletas que non puntuen por ningún club, por ser independentes ou por competir o seu con menos de 4 atletas). En caso de empate, este resolverase en favor do club co 4º atleta mellor clasificado. Realizaranse clasificacións individuais absolutas e por as categorías: Promesa, Júnior, Xuvenil, Cadete, Infantil e alevín de ambos os dous sexos.

6. **Os atletas nados en 1989 ou antes, consideraranse a todos os efectos como sénior.**

7. Serán gañadores do 33º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, a primeira atleta clasificada da carreira promesa-sénior feminina, e o primeiro atleta clasificado da carreira promesa-sénior masculina.

8. Outorgaranse premios en metálico e trofeos (o menos) aos cinco primeiros clasificados **nas carreiras promesa/sénior** de ambos os dous sexos, así como trofeos aos primeiros nas categorías: Promesa, Júnior, Xuvenil, Cadete, Infantil e Alevín.

9. Tamén outorgaráselle trofeo o club gañador de cada carreira.

10. Os participantes correrán cos gastos de desprazamento.

11. Os dorsais dos atletas serán entregados polo club organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo media hora antes do comezo de cada carreira, sendo obrigatorio respectar a publicidade impresa.


12. Os participantes nas **carreiras xuvenil/júnior e promesa/sénior** deberán pasar **obrigatoriamente por cámara de chamadas ata 15 minutos antes da hora** de comezo das respectivas carreiras.

13. As reclamacións sobre a competición deberán ser presentadas de acordo con as normas establecidas no Regulamento Internacional da IAAF.


15. O Comesaña Sporting Club e os seus colaboradores, non se fan responsables sobre os posibles danos que co motivo da competición poidan sufrir os participantes ou ocasionar a outros, sen prexuízo dos dereitos que lle puidesen corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.

16. O non previsto neste Regulamento resolverase de acordo co Regulamento Internacional da IAAF.


17. **O feito de inscribirse no 33º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, implica a total aceptación do preceptuado no presente regulamento.**



CIRCUÍTO Nº 2
1480 metros



CIRCUÍTO Nº 3
1060 metros



CIRCUÍTO Nº 4
845 metros

1º clasificado/a	600 €
2º clasificado/a	400 €
3º clasificado/a	250 €
4º clasificado/a	100 €
5º clasificado/a	60 €